



COLOMBIA

Tipo de adopción: Plena

Requisitos:

- Estado civil: casado/a, solteiro/a, divorciado/a, parella de feito, viúvo/a
- Idade (Solteiro e parella): ≥ 25
- Anos de convivencia: ≥ 2
- Permite a adopción se se teñen fillos biolóxicos: Si
- Permite a adopción se se teñen fillos adoptivos: Si
- Monoparentais: Home, Muller

As persoas que se ofrecen para a adopción deberán ter 25 anos cumpridos e, polo menos, 15 mais que a persoa menor a adoptar.

Deben demostrar idoneidade física, mental, moral e social suficiente para ofrecer unha familia adecuada e estable a unha persoa menor de 18 anos de idade

As parellas hetero ou homosexuais casadas, ou en unión civil, deben adoptar conxuntamente.

Esíxense 2 anos de convivencia para parellas de feito, contados a partir da sentenza de divorcio, en caso de matrimonio previo.

A existencia de fillos non é obstáculo para a adopción, pero deben ter coñecemento desta e estar preparados para a chegada do futuro irmá/n.

As familias monoparentais só poden ofrecerse para persoas menores con características especiais.

As solicitudes de adopción internacional diríxense exclusivamente a NNA con necesidades especiais:

- Idade de 10 anos ou mais.
- Pertencer a un grupo de 2 irmá/n/s onde o maior deles teña 10 anos ou mais.
- Pertencer a un grupo de 3 ou mais irmá/n/s.
- Presentar discapacidade.
- Ter calquera idade e presentar algunha enfermidade crónica, grave e permanente ou condición que requira atención especializada do sistema de saúde; ex: parálise cerebral, atraso mental moderado, grave ou severo; hidrocefalia; microcefalia; VIH; atraso no desenvolvemento; problemas respiratorios; padal fendido; hipotiroidismo; cardiopatías conxénitas; sífile conxénita; hipoacusia; secuelas de abuso sexual; problemas graves de conduta ou aprendizaxe; trastorno xeral do desenvolvemento, entre outros.

Rangos de idade das persoas que se ofrecen para a adopción- neno/a/s CON características especiais:

- Para neno/a/s de 0 a 5 anos (0 a 71 meses) ou grupos de irmá/n/s dos cales o/a maior poderá ter ata 6 anos e 11 meses, a idade das persoas que se ofrecen para a adopción será de 25 a 55 anos.
- Para neno/a/s de 6 a 9 anos (72 meses a 9 anos e 11 meses) ou grupos de irmá/n/s dos cales o/a maior terá entre 7 anos e 9 anos e 11 meses, a idade das persoas que se ofrecen para a adopción será de 56 a 59 anos.

No caso de persoas que se ofrecen para a adopción con nacionalidade colombiana e residentes no estranxeiro, tamén poderán dirixir os seus ofrecementos cara neno/a/s SEN necesidades especiais:

- Para neno/a/s de 0 a 5 anos (0 a 71 meses) ou grupos de irmá/n/s onde o/a maior poderá ter ata 6 anos e 11 meses, a idade das persoas que se ofrecen para a adopción será de 25 a 50 anos.
- Para neno/a/s de 6 a 9 anos (72 meses a 9 anos e 11 meses), ou grupos de irmá/n/s dos cales, o/a maior terá entre 7 anos e 9 anos e 11 meses, a idade das persoas que se ofrecen para a adopción é de 51 a 54 anos.

Características dos nenos:

- Poden ser adoptadas as persoas menores de 18 anos cando fora declarada a súa adoptabilidade ou a súa adopción fora consentida polos seus pais como resultado dun proceso administrativo de "restablecemento de dereitos" nos casos, entre outros, de abandono, maltrato, abuso ou explotación.
- Conservan a nacionalidade colombiana.

Forma de tramitación:

Poderá tramitar a súa adopción:

- A través do Ministerio de Xuventude e Infancia (Protocolo Público).
- A través do Organizacións Acreditadas para Adopción Internacional(OAAI).

ADECOP

Avda Emilio Lemos, 2, Módulo 706.2

Sevilla (41020)

Teléfono: 954538262 / 619386296

<http://www.adecop.org>

adecop@adecop.org

ADAIMA, Asociación Pro Defensa de Adopción Internacional de Menores y Adolescentes

Fernando el Católico, 4, 3º Derecha-5

Madrid (28015)

Teléfono: 654839755 / 914489952

<https://www.adaima.org>

chamorroabogados@icam.es

IPI

Gran Vía de las Cortes Catalanas, 646, 1º, 2ª

Barcelona (8007)

Teléfono: 934120102

<http://ipi-ecai.org>

info@ipi-ecai.org

ADOPTA

Paseo Bonanova 57, baixos 2ª,

Cataluña (8017)

Teléfono: 932531412

<http://www.adoptabcn.org>

info@adoptabcn.org

Documentación necesaria:

- Oficio de radicación por parte do Organismo e/ou Autoridade Central.
- Formulario de solicitude de Adopción Indeterminada, establecido polo ICBF.
- Carta de presentación ou motivación.
- Certificado de compromiso de seguimento post-adopción por parte da Autoridade Central/Organismo.
- Carta de compromiso de autorización para a realización do seguimento postadoptivo por parte das persoas que se ofrecen para a adopción (baseada no formato publicado na web do ICBF).
- Certificado de preparación para a adopción.
- Informe psicolóxico, segundo modelo ICBF. Non pode superar o ano de elaboración e ten unha vixencia de 2 anos.
- Anexo ao informe psicolóxico formato apertura a características e necesidades especiais F16.LM16.P
- Informe social, segundo modelo ICBF. Non pode superar o ano de elaboración e ten unha vixencia de 2 anos.
- Certificado médico (no seu caso, especificar diagnóstico, causas, tratamento, posoloxía, prognóstico, estado actual da enfermidade, e que incidencia ten para o desenvolvemento do rol parental), segundo formato ICBF.
- Certificado de tratamentos en curso (físicos ou psicolóxicos), expedido polos profesionais ao cargo destes, no seu caso.
- Certificado de nacemento, con nota á marxe, se corresponde. E certificado de nacemento dos fillos, se hai. En caso de adoptados, certificado de nacionalización.
- Fotocopia pasaporte.
- Para cidadáns colombianos residentes no exterior, fotocopia da cédula de cidadanía, independentemente de que teñan outra nacionalidade.
- Certificado de nacionalización ou naturalización ou novo rexistro civil de nacemento do país de recepción dos fillos adoptados cando os haxa.
- Certificado de matrimonio ou documentos que xustifiquen a convivencia permanente de 2 anos, anteriores ao inicio do trámite de adopción, se é o caso. Acreditarase segundo a lexislación do país de residencia.
- Sentenza de divorcio, ou certificado de defunción, no seu caso.
- Certificado de emprego e declaración da renda do ano anterior. No caso de autónomos, certificación de ingresos expedido polo profesional competente para tal fin.
- Orzamento familiar (baseado no formato dispoñible na web do ICBF).
- Certificado de penais e certificado negativo de delitos de natureza sexual.
- Carta de compromiso e responsabilidade de participación e información no proceso de preparación, avaliación e selección para a adopción, segundo formato do ICBF.
- Autorización de entrada e residencia da persoa menor.
- Certificado de idoneidade.
- Rexistro fotográfico das condicións da vivenda, das persoas que se ofrecen para a adopción e da rede de apoio familiar e social (CD ou USB).
- Documento que certifique a acreditación do organismo de intermediación, no seu caso.

- Documento oficial chamado Lista de Chequeo de documentación.
- Os certificados médicos, xudiciais, penais, laborais, económicos e orzamento familiar deberán terse expedido máximo 6 meses antes da presentación dos documentos no ICBF. Teñen unha vixencia dun ano desde a data da expedición.
- Todos os documentos deberán ser orixinais e estar foliados, legaxados e apostilados. No caso contrario, serán devoltos.
- **A maiores, deberá aportarse a documentación esixida en Galicia.**

Organismo público competente:

Instituto Colombiano de Benestar Familiar (Instituto Colombiano de Bienestar Familiar- ICBF).

Embaixada en España:

Embaixada de Colombia en España

General Martínez Campos, 48- 28010 Madrid

Teléfono: 917004770 Fax: 913102869

Estancia esixida no país:

- A estancia mínima aproximada no país é de 8 semanas.

Informes de seguimento:

- 1 informe semestral durante 2 anos desde a sentenza de adopción, para neno/a/s menores de 7 anos e 11 meses. Apostilado.
- 1 informe semestral durante 3 anos desde a sentenza de adopción, para neno/a/s maiores de 8 anos ou grupos de irmá/n/s. Apostilado.

Lexislación:

- Convenio relativo á protección do neno e á cooperación en materia de adopción internacional, feito na Haia o 29 de maio de 1993.
- Convenio suprimindo a esixencia da legalización dos documentos públicos estranxeiros, feito na Haia o 5 de outubro de 1961.
- Constitución de Colombia, de 1991.
- Código Civil Colombiano.
- Lei 1098, do 8 de novembro de 2006, pola cal se expide o Código da Infancia e a Adolescencia, modificada pola Lei nº 1878 de 9 de xaneiro de 2018.
- Decreto 987 de 2012, que modifica a estrutura do ICBF e se determinan as funcións das súas dependencias.
- Resolución 0239 de 19 de xaneiro de 2021, pola que se aproba o Lineamento Técnico Administrativo das Estratexias que promoven a Adopción.
- Resolución 1141 de 2 de marzo de 2021 que modifica e prorroga a Resolución 1600 do 5 de marzo de 2019, por medio da cal se adoptan decisións relacionadas co Programa de Adopción.

Data de actualización:

A información do país foi actualizada o 17/08/2023.